

CONCELLO DE GUITIRIZ



Rúa do Concello, 4

27300 Guitiriz –Lugo

Tlf:982.370.109

BANDO

DONA **REGINA POLÍN RODRÍGUEZ**, ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ (LUGO)

FAI SABER:

Que o Instituto Galego de Estatística está a realizar unha **“Enquisa Estrutural a fogares”**, que é unha investigación de carácter oficial cuxo obxectivo principal é reflectir as condicións de vida das familias galegas en relación con diversas variables de interese como nivel de estudos, ingresos e gastos do fogar e dos seus membros, etc.

Entre o **18 de xuño** e o **8 de xullo** andará polo noso Concello un entrevistador debidamente acreditado para cubrir un cuestionario estatístico.

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta remitida polo Instituto Galego de Estatística na que se lles informa da obriga de facilitar eses datos , tal e como indica o artigo 18 da Lei 9/1988 , do 18 de Xullo, de estatística de Galicia , e de que a información proporcionada é estritamente confidencial e está protexida polo segredo estatístico segundo establecen os artigos 24-28 da citada lei.

A ALCALDESA,

DONA REGINA POLÍN RODRIGUEZ. Documento asinado electrónicamente.

